

Núm. 154/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: *Adxudicación provisional do contrato de suministro "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).*

ANTECEDENTES

1º) Por Resolución de Alcaldía de data 8 de abril de 2010 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato do suministro "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información", por procedemento negociado sen publicidade, así como se procedeu a autorizar o gasto que esta obra.

2º) Cursadas invitacións para participar no procedemento ás empresas, "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU", "Galibayte, SL" e "Lyc Servicios Informáticos", presentaron proposta as empresas "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU" e "Lyc Servicios Informáticos". "Galibayte, SL" presentou renuncia.

3º) Consta no expediente informe da arquitecta municipal que é favorable á adxudicación do suministro "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" á empresa "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU".

Tendo en conta os aspectos de negociación, examinada a documentación que acompañan ás propostas presentadas, de acordo con estas e de conformidade co establecido no artigo 135.3, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Declarar a validez da licitación efectuada.

SEGUNDO Adxudicar provisionalmente o contrato da obra "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" á empresa "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU" polo prezo de 59.826,22 € e 9.572,20 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido, con suxeición estricta ós Pregos de Cláusulas Administrativas e ás melloras ofertadas, por sela mellor oferta presentada.

TERCEIRO. Notificarlle á adxudicataria a presente resolución e tal como establece o art. 135.4 da Lei de Contratos do Sector Público, requirirlle para que no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como que constitúa a garantía definitiva de 2.991,31 €, equivalente ó 5% do importe de adxudicación (excluído o IVE).

CUARTO. Esta adxudicación provisional elevarase, si é o caso, a definitiva unha vez transcorridos 10 días hábiles a partir do día seguinte a aquel no se publique a adxudicación no perfil do contratante.

Soutomaior, 18 de maio de 2010

O ALCALDE

Ante mín A SECRETARIA